

ORGANIZACIÓN DAS AULAS E RUTINAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE DURANTE O CURSO 2020-2021 NA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

- O acceso á Facultade farase pola planta 2ª do edificio.
- É obrigatorio o uso da máscara dentro do centro aínda que se respecte a distancia interpersonal de 1,5 metros.
- A limpeza de mans con xel hidroalcohólico é obrigatoria á entrada á Facultade.
- Deberanse seguir as direccións sinaladas no chan para acceder aos distintos servizos administrativos e as aulas.
- A puntualidade ás clases é indispensable.
- Deberase evitar pasear polos corredores de acceso ás aulas e polas zonas comúns do edificio.
- A limpeza de mans con xel hidroalcohólico é obrigatoria antes de entrar ás aulas.
- Soamente se poderán utilizar os pupitres habilitados, cada pupitre habilitado conta cun número identificativo. Terán prioridade de selección de pupitre os/as alumnos/as con diversidade funcional en visión e/ou mobilidade.
- Deberase procurar, na medida do posible, utilizar sempre o mesmo pupitre en cada aula.
- As pertenzas persoais colocaranse debaixo do asento.
- O profesorado pasará lista de asistencia e anotarán, con fins sanitarios, o número do pupitre de cada alumno/a. Esa listaxe deberá remitirse por correo electrónico a uxai.socom@udc.es ou deixarse na UXAI (Lucía Míguez) ao finalizar a clase. En caso de estar pechada a UXAI deberá deixarse en conserxería quen, á súa vez, depositará na UXAI o documento.
- Os/as docentes abrirán as xanelas ao finalizar as clases e pecharanas cando entren na aula.
- As clases finalizarán 10 minutos antes do horario programado para cumprir coas normas de hixiene.
- O persoal de limpeza desinfectará todas ás aulas ás 15hs e as 20:30hs. Ademais farán unha limpeza dos postos de traballo nos descansos entre clase e clase, agás nas aulas de ordenadores (1.0 e 1.5) onde haberá toallíñas desinfectantes para a limpeza individualizada do teclado e o ratón.
- Todas as aulas contarán con material hixiénico extra para proceder á desinfección individualizada en caso de considerarse necesario.